

SINOPSE

"**A Maleta de Sofía**" é unha longametraxe que recupera a vida e a historia de **Sofía Casanova**, escritora, poeta e correspondente de guerra, que presenciou algúns dos acontecementos máis importantes do século XX, incluídas as dúas Revolucións Rusas e as dúas Guerras Mundiais. No mes de setembro do presente ano 2011 cúmprese o cento cincuenta aniversario do seu nacemento, en A Coruña.

Sofía tiña por costume escribir parte dos seus pensamentos nuns cadernos que gardaba coidadosamente no interior dunha maleta de coiro. Esta maleta desapareceu sen deixar rastro. E con ela, tamén se perdeu a verdade sobre Sofía Casanova. Este é argumento do *fake documentary* que desenvolve unhas tramas a medio camiño entre a narrativa documental e a ficción.

Un grupo de testemuñas pertencentes ao mundo da universidade, a cultura e a política, así como algunhas das persoas que tiveron contacto máis ou menos directo con Sofía Casanova, reconstrúen a súa vida neste documental tratando de dar respostas á pregunta: "¿quen é Sofía Casanova?". A narración comeza o día do seu nacemento, no ano 1861 na Coruña, e conclúe coa súa morte, cumpridos os noventa anos, en Poznan (Polonia). Entre as persoas do eido galego e polaco destacan os nomes de Ramón Villares, Rosario Martínez, Ramón Barreiro, Margarita Ledo, Marta Pérez, Perfecto Conde, María do Cebreiro, Ramón Barreiro, Karol Meissner, Sofía Marzinek, Jacek Jawoski ou Viktoria Grygierzec, entre outros.

Marcos Gallego dirixe, produce e asina o guión deste documental, xunto a Gonzalo G. Velasco. Na adaptación e a realización participaron Comba Campoy, Cora Peña e Marcelo Martínez.

Realizada en **Alta Definición**, "**A Maleta de Sofía**" é unha produción de **Servicios Audiovisuais Galegos, SAGA TV**, unha compañía galega con máis de doce anos de experiencia na produción audiovisual independente e na prestación de servizos.